



Quen somos?

Somos un grupo de profesorado (xa somos 16!!) e alumnado (un total de 55 alumnas/as) que de xeito voluntario facemos actividades para mellorar a convivencia en materia de Igualdade e dar visibilidade á desigualdade de xénero. Este grupo está coordinado por Elisabete Carvalho e Alba Fuentes, profesoras pertencentes, tamén, ao Consello Escolar e, polo tanto, á comisión de Igualdade do devandito Consello, do que forma parte a alumna Martiña Riobó de 2ºESO.



A quen nos diriximos?

Dirixímonos a toda a comunidade educativa, pero tendo o alumnado como protagonista. En canto ás familias, vense representadas tamén desde o Consello Escolar a través da Comisión da Escola de Familias.



Que facemos?

Realizamos actividades programadas dentro do Plan de Igualdade do Centro.



Onde se pode atopar información?

As accións e os obxectivos do Equipo de Igualdade poden atoparse na páxina web no apartado de documentos de centro no Plan de Igualdade, na seguinte ligazón:

[Plan de Igualdade](#)

E todas as accións publícanse na aula virtucionalidade ou nesta ligazón:

[Equipo de Igualdade Aula Virtual](#)



Como podes formar parte do Equipo de Igualdade?

Comunica ás coordinadoras do equipo que queres formar parte del para que poidan enviarche as notificacións e as mensaxes a través da plataforma Edixgal, se estás cursando a ESO, ou a través da mensaxería da Aula Virtual, se cursas Bacharelato.



Alumnas finalistas do concurso #nosduleatodos coa súa curta "No viene de golpe" que podedes visualizar na seguinte ligazón:

Cando nos reunimos?

As assembleas teñen lugar unha vez ao mes, os últimos mércores de cada mes durante o primeiro recreo.

O feito de pertencer ao Equipo de Igualdade afecta á asistencia á clase?

O feito de pertencer ou colaborar co Equipo de Igualdade non afecta á asistencia ás clases, a non ser conversas ou actividades orientadas a todo o alumnado.

Como colaborar?

Podes colaborar acudindo ás assembleas convocadas e achegando a túa colaboración nas diferentes actividades programadas ao longo do curso.

Que temos programado para traballar este curso?

En primeiro lugar estamos traballando dentro do Plan proxecta o programa "365 días en Igualdade", ademais seguimos un plan programado para todo o curso que consiste en...(ver proxecto Igualdade para o curso 23-24 do Equipo de Igualdade).

Equipo Igualdade